

# BANDO

## Axuda económica a través do ticket eléctrico social de Galicia (segundo semestre de 2014 e primeiro semestre de 2015)

### Concepto:

O ticket eléctrico social do INEGA é unha axuda económica de 90€ ao semestre para familias en que convivan fillos menores de 18 anos (150 € para as Familias Numerosas), e nas cales a suma dos ingresos totais da unidade de convivencia no ano 2013 non superasen 1,5 veces o IPREM anual (9.585,20 euros) e que teñan pagadas as facturas correspondentes á empresa comercializadora do subministro eléctrico

### Persoas beneficiarias e requisitos:

- Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter fillas e/ou fillos menores de 18 anos a cargo.
- Estar aboando a correspondente factura de enerxía eléctrica a unha comercializadora, nas que deben figurar como pagadoras
- Que a suma de todos os ingresos da unidade de convivencia durante o 2013 non superen 1,5 IPREM.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 do xuño, de subvencións.
- Só poderá presentarse unha única solicitude por unidade de convivencia.

### Solicitudes:

As solicitudes **só poderán formularse electronicamente**, poderán presentarse directamente polas persoas interesadas na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no caso de que a persoa peticionaria da axuda non dispoña dos medios tecnolóxicos, para o que deberá outorgar a preceptiva autorización (anexo IV) a través das Xefaturas Territoriais da Consellería de Economía e Industria ou da Dirección Xeral de Enerxía e Minas. Presentaranse solicitudes independentes para cada un dos períodos subvencionables.

### Prazos de Solicitude:

Para a subvención correspondente ao 2º semestre de 2014 **do 5 de marzo ao 30 de abril**  
Para a subvención correspondente ao 1º semestre de 2015 **do 1 de xullo ao 15 de setembro**

### Documentación:

Copia dixitalizada da seguinte documentación :

- Documento de identidade en vigor da persoa solicitante, e do resto de integrantes da unidade de convivencia, anexo III, no caso de non autorizar a consulta
- Declaración do IRPF de 2013 ou Certificación negativa de todos os membros da UFC, no caso de non autorizar a consulta
- No caso de carecer de documentación que acredite a situación económica, Informe social de valoración da situación económica emitido polos servizos sociais comunitarios básicos municipais.
- Autorización aos funcionarios para a presentación electrónica da solicitude e da documentación (anexo IV).
- Copia dixitalizada do libro de familia ou, outro documento que acredite oficialmente a súa situación familiar.
- Facturas emitidas en concepto de subministración eléctrica correspondentes á vivenda que é residencia habitual do solicitante da axuda, e xustificantes de pagamento para o período correspondente a cada unha das solicitudes.
- Certificado de convivencia.
- Copia do título de familia numerosa no caso en que o dito título non fose expedido pola CA de Galicia, ou no o solicitante non autorice a súa consulta.

### Información e tramitación:

Páxina web oficial da consellería: <http://economiaeindustria.xunta.es>

Teléfonos (Pontevedra): **986 80 52 13** e **986 80 52 22**.

Correo electrónico: [cei.dxiem.axudasenerxia@xunta.es](mailto:cei.dxiem.axudasenerxia@xunta.es)

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns de 11 a 15 horas, e os martes e venres de 9 a 13:30 horas.**

Pontecesures, 6 de febreiro de 2015

O ALCALDE,

Manuel Luís Álvarez Angueira



CONCELLO DE  
PONTECESURES

CONCELLO DE PONTECESURES